



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Dirección Xeral de Política Financeira,  
Tesouro e Fondos Europeos



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVIMENTO  
REXIONAL

"Unha maneira de facer Europa"



## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO RESPONSABLE DO ORGANISMO INTERMÉDIO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

O Organismo Intermedio (OI) Xunta de Galicia - a través da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos- do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 é responsable da xestión e control do Programa Operativo FEDER 2014-2020.

Este Organismo Intermedio asume como un dos principais obxectivos cara ao período 2014-2020 a loita contra o fraude. Así mesmo, quere manifestar o compromiso de actuar en demostración da ética, exemplaridade e honorabilidade no desenrollo da altísima responsabilidade que supón xestionar os recursos a disposición da Comunidade Autónoma.

Un dos principais obxectivos para o devandito período é reforzar, dentro do ámbito das súas competencias, a política antifraude no desenrollo das súas funcións. Por iso, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos quere manifestar o seu compromiso cos estándares mais altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, e a súa adhesión aos mais estritos principios de integridades, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta ao fraude e a corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros do seu equipo directivo asumen e comparten este compromiso.

Por outro lado, os empregados públicos que integran o OI teñen, entre outros deberes, "actuar conforme aos principios de legalidade, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e ambiental e respecto á igualdade entre homes e mulleres" (Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia, artícuo 73).

O obxectivo das actuacións que se enmarcan dentro da política antifraude é desincentivar toda actividade fraudulenta, promovendo a súa prevención e detección mediante procedementos efectivos.

Al funcións da Autoridade de Xestión no eido das medidas antifraude son asumidas por este OI, baixo a coordinación da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, que conta a estes efectos con medios para a avaliación de riscos, a revisión e actualización periódica da política antifraude, así como o seguimento dos resultados. Tamén conta coa colaboración dos diferentes responsables e xestores de procesos para asegurar que existe un axeitado sistema de control interno dentro das súas respectivas áreas de responsabilidade e garantir, no seu caso, a debida diliencia na implementación de medidas correctoras.

Como ferramenta de apoio, o OI dispón dun sistema informático que rexistra e almacena a información precisa de cada operación, así como todas as verificacións e controis realizados, para garantir a fiabilidade e regularidade do gasto.



O OI puxo énfase e adicou esforzos en orientar a súa actuación á loita contra a fraude, baseándose na experiencia de períodos anteriores coa finalidade de implementar novas medidas para a erradicación de bolsas de risco de fraude ou, no seu caso, a súa detección efectiva.

O OI aposta por medidas eficaces e proporcionadas de loita contra a fraude, baseadas na experiencia de períodos anteriores e na avaliación do risco de fraude no marco do presente programa. Adicionalmente, conta con recursos para denunciar aquellas irregularidades ou sospeitas de fraude que puidesen detectarse, ben a través das canles internas de notificación ben directamente á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF). Todos os informes trataranse na máis estrita confidencialidade e de acordo coas normas que regulan esta materia.

En definitiva, o OI dispón como principio reitor da súa actuación a tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción e ten ideado un sistema de control robusto, deseñado especialmente para previr e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e corrixir o seu impacto, no caso de producirse. Esta política e todos os procedementos e estratexias pertinentes contan co apoio do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude, creado polo Real Decreto 802/2014, do 19 de setembro (BOE do 26), co que actúa de forma coordinada e continua.

En Santiago de Compostela, a 22 de febreiro de 2017



O Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

David Cabanó Fernández